



Por que non hei de cantar?

Manuel Rico Vereá



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



Estrella, veciña de Dumbría, informante
do *Cancioneiro*, canta para Dorothé Schubarth.
Regoelle, Olveira, Dumbría, 1980.
APOI - Museo do Pobo Galego

Limiar	5
Adolfina e Rosa Casás, as cantareiras da Vila da Igrexa	7
Prudencia, Asunción, e Manuela, as cantareiras de Mens	13
Eva Castiñeira	19
Recolleitas do corpus de literatura popular de Galicia	23
Historia dos cancioneros que recollen as melodías tradicionais de Galicia	27
Dorothé Schubarth	35

Por que non hei de cantar?

Manuel Rico Verea



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**

As cantareiras e a poesía popular oral

Día das Letras Galegas 2025

Edita

Real Academia Galega

Fotografías

Antón Santamarina

APOI - Museo do Pobo Galego

Agrupación Folklórica Aturuxo

Pablo Quintana

© Real Academia Galega, 2025

© Manuel Rico Vereá, 2025

ISBN: 978-84-17807-48-1

Depósito legal: C 692 -2025

DOI: <http://doi.org/10.32766/rag.450>

Real Academia Galega

www.academia.gal



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



**XUNTA
DE GALICIA**



O Día das Letras Galegas de 2025 está dedicado ás cantareiras Adolfinna e Rosa Casás, de Cerceda, Asunción e Prudencia Garrido Ameixenda e mais Manuela Lema, de Malpica, e Xosefa Eva Castiñeira, de Muxía. Mulleres labregas que personalizan unha homenaxe a todas as informantes, cantareiras e pandeireteiras que souberon gardar o legado poético e musical dos seus antepasados e transmitírllelo ós colectores e colectoras e tamén ás novas xeracións. Elas e eles foron case sempre informantes anónimos de todos aqueles que se dedicaron á recolleita deste tesouro musical e literario que xa Rosalía de Castro revalorizara con *Cantares gallegos*.

Desde frei Martín Sarmiento, frei Sobreira Salgado e o cura de Fruíme ata a actualidade contamos cun ronsel de cancioneiros con diferentes autorías nos que están ausentes, salvo casos moi concretos, os nomes das persoas que se encargaron de transmitir a literatura e a música de tradición oral. Será coa publicación do *Cancioneiro popular galego* de Schubarth e Santamarina cando estes informantes acaden o merecido recoñecemento e protagonismo en tanto que os consideraron como gardadores e divulgadores do prezado legado.

Manuel Rico Vereá



Rosa e Adolfin Casás na Vila da Igrexa (Cerceda)
retratadas por Dorothe Schubarth (1980).
APOI - Museo do Pobo Galego

Adolfina e Rosa Casás, as cantareiras da Vila da Igrexa

Adolfina Casás (1912 - 2009) e **Rosa Casás** (1914 - 2005), tía e sobriña, son as cantareiras da Vila da Igrexa, de Cerceda, dúas labregas que, como xornaleiras do lugar, vivían nunha humilde casa e subsistían cos traballos comunitarios nos que, amais de traballar, participaban como protagonistas, para así poñer o ramo, nas actividades lúdicas coas que concluían a xornada.

Como nos recorda Antón Santamarina, “todos os etnógrafos salientaron que as mulleres foron as principais transmisoras da lírica popular [...]” pero tamén hai informantes e cantadores e, xa que logo, elas e eles son os festexados neste Día das Letras Galegas. Neste caso Richi Casás, neto de Rosa e afillado de Adolfina, é o membro da cadea transmisora, é o receptor e transmisor interxeracional da oralidade da Vila da Igrexa, é o músico que lle dá continuidade ó tesouro transmitido como tamén llo darán cantos se queiran aproximar a este *Cancioneiro popular galego*.

No *Cancioneiro popular galego* quedaron documentadas seis melodías con diferentes variantes e 143 coplas sobre oficios e labores, festas cíclicas do ano, cantos enumerativos, narrativos e estróficos etc.

Dorothé sempre apoderaba os seus e as súas informantes. Eran as protagonistas, eran as transmisoras dun prezado legado. Eran o complemento necesario e fundamental da súa obra, o agasalho que nos deixou en Galicia, o tesouro reencontrado, o *Cancioneiro popular galego*.

Dorothé destacou nas súas notas que Adolfina e Rosa a impresionaron pola variedade das súas melodías, polas variantes que ían mostrando na súa interpretación, pola orixinalidade das coplas e pola súa capacidade de recreación e improvisación, e que por iso eran requiridas para cantar nos traballos comunais, nas foliadas ou nas ruadas do lugar.

♩. = 76 (Xota)

A ra - íz do to - xo pren de__ an - que se - xa no ca - mi - ño__

ta - mén os teus o - llos pren - den co - a for - za do ca - ri - ño.

E vi - ra e vi - ra e vol - ve a vi - rar__ a
É ma - la de dar__ é ma - la de dar__ e

vol - ta do me - dio é ma - la de dar.___
vi - ra e vi - ra e vol - ve a vi - rar.___

Cancioneiro popular galego

Informantes: Adolfina e Rosa Casás

A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980

A raíz do toxo prende

“A raíz do toxo prende”, melodía /104 w no *Cancioneiro popular galego*, está interpretada como xota asociada á melodía 6/154 que é a ‘volta’ da xota.

A raíz do toxo prende
anque sexa no camiño;
tamén os teus ollos prenden
coa forza do cariño.

E vira e vira
e volve a virar,
a volta do medio
é mala de dar.
É mala de dar,
é mala de dar,
e vira e vira
e volve a virar.

Dios llo pague a miña nai
que me puxo a costureira;
vén a auga e non me molla
vén o sol e non me queima.

Vai de rama en rama,
vai de flor en flor,
e vai pola beira
un bo bailador.
Un bo bailador,
un bo bailador,
vai de rama en rama,
vai de flor en flor.

Todo o mundo me murmura
porque son *adivertida*;
malas linguas ó inferno
que goberna a miña vida.

Adolfina canta ben,
Rosiña vaina seguindo;
así fan as boas mozas
que do amor se van rindo.

A Virxe María



Cancioneiro popular galego
 Informante: Rosa Casás
 A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980

8

- | | |
|---|--|
| <p>1 A Virxe María,
 San Xosé tamén,
 ían camiñado
 de cara a Belén.</p> | <p>11 Pola media noite
 naceu o neniño
 entre pallas e herba
 o Verbo divino.</p> |
| <p>2 Son amantes firmes
 que polos camiños
 ían conversando
 con grandes cariños.</p> | <p>12 Cara máis bonita,
 rostro máis florido
 non o puxo Deus
 en home nacido.</p> |
| <p>3 Palabriñas santas
 dignas de adorar
 din que a Belén queren
 con día chegar.</p> | <p>13 É fillo da Virxe,
 non ten que dicir
 que veu a este mundo
 pra nos redimir.</p> |

[...]



Adolfinha Casás na Vila da Igreja (Cerceda).
Arquivo da família Casás



Festa na casa de Adolfinha, 1965. Ela, sentada enriba da mesa.
Arquivo da família Casás



Rosa Casás, década de 1940.
Arquivo da família Casás



Teresa Lema, Prudencia Garrido, Manuela Lema e Adela Rey en Mens (1982).
APOI - Museo do Pobo Galego

Prudencia, Asunción, e Manuela, as cantareiras de Mens

Prudencia Garrido Ameijenda (1905 - 1993), Prudencia de Beán de Arriba, **Asunción Garrido Ameijenda** (1915 - 2007), Asunción de Beán de Abaixo, e **Manuela Lema Villar** (1913 - 1993), Manuela de Benita, son as coñecidas Pandeireteiras de Mens, as mulleres labregas de Malpica ás que a Real Academia Galega lles dedica o Día das Letras Galegas de 2025.

O grupo de cantareiras de Mens era máis numeroso pero estas son as representantes do grupo que personifican todos e todas as cantareiras pandeireteiras e bailadoras que souberon gardar o legado poético musical dos seus antepasados, transmitírllelo ás novas xeracións e, no caso de Asunción e Manuela, transmitírllo tamén á colectora, Dorothé, que o documentou para sempre no *Cancioneiro popular galego*.

Asunción e Manuela constan no *Cancioneiro popular galego* como informantes e, xa que logo, transmisoras de 120 coplas e dez melodías coas súas correspondentes variantes. Tamén consta Teresa, que finou no ano 2019 e por iso (pois non pasaron dez anos desde a súa morte, como require o regulamento da RAG) non se nomea nesta relación.

A súa historia, a historia das cantareiras de Mens, foi rescatada por Beatriz Busto Miramontes, musicóloga e antropóloga social, que as presenta como a cabeza visible e audible do rexurdimento moderno da música bailable de tradición oral en Galicia. Foron elas mulleres labregas, do rural galego, que accederon a un escenario nos anos setenta.

Tamén nos falan da súa intensa actividade artística Icár e Xosé Manuel Varela, que nos contan a súa ligazón coa historia da Agrupación Folklórica Aturuxo e as súas viaxes por Europa e América; Pablo Quintana, que nos recorda os proxectos interrompidos da discográfica Ruada, ou Manuel Cajaraville, que en *Debullando folklore* nos dá noticias daquelas primeiras viaxes das pandeireteiras ou cantareiras de Mens.

Elas mesmo quedaron inmortalizadas en coplas que agora cantamos:

Viva Mens e viva Asalo,
terriña onde me eu criei;
e tamén digo que viva
onde eu amores tomei.

Veño do lugar de Tella
de ver unha telleana
que me rouba o corazón,
que se me meteu na alma.

Vivan os canteiros, madre

♩ = 140

The musical score is written on a single treble clef staff. It begins with a tempo marking of a quarter note equal to 140 beats per minute. The melody consists of eighth and sixteenth notes, with some measures containing rests. The lyrics are written below the staff, aligned with the notes. The score is divided into four systems, with measure numbers 5, 10, and 14 indicated at the start of their respective lines. The lyrics are in Galician and describe the pride of being a stonemason's son.

Vi - van os can - tei - ros ma - dre vi - van os de Pon - te - ve - dra
5 que fi - xe - ron vi - la au - ga de Vi - go a Re - don - de - la.
10 Eu a - quí non can - to máis — que eu a - quí nun - ca can - tei - e
14 pra se - la pri - mei - ra vez — non sei co - mo sa - i - rei - e.

12

Cancioneiro popular galego
Melodía 1/54; Oficios e labores.
Muiñeira

Informante: Asunción Garrido Ameijenda
Asalo, Mens, Malpica de Bergantiños, 1980

Vivan os canteiros, madre,
vivan os de Pontevedra
que fixeron vi-la auga
de Vigo a Redondela.

Eu aquí non canto máis
que eu aquí nunca cantei;
pra se-la primeira vez
non sei como sairei.

Tes o corpiño ben feito,
asemellas a túa nai;
no lugariño de Asalo
outro coma o teu non hai.

De onde son esas mociñas
que arrecenden a ourego?
Do lugariño de Mens,
de xunto á casa do crego.



Teresa Lema, Adela Rey, Manuel Cajaville, Asunción Garrido e Manuela Lema, Pandeireiras de Mens, nas XI Xornadas de Folclore celebradas na praza da Quintana. Santiago de Compostela, 1980.
APOI - Museo do Pobo Galego



Adela Rey, Teresa Lema, Prudencia Garrido, Asunción Garrido e Manuela Lema desfilan con Aturuxo en Vila Praia de Âncora. Ca. 1984.
APOI - Museo do Pobo Galego

$\text{♩} = 116$

O Chan - quei - ri - ño da Pu - ra ben se che po - de ga - bar ____

que lle gar - da - ron o loi - to an - tes de o en - te - rrar ____

Fi - xé - ron - lle un ac - to gra - tis no mi - sal. ____

Cancioneiro popular galego
 Melodía 4/131; Canto narrativo.
 Historias da xente

Informantes: Asunción Garrido Ameijenda e
 Manuela Lema Villar

A comparsa do Chanqueiro

O Chanqueiriño da Pura
ben se che pode gabar
que lle gardaron o loito
antes de o enterrar.

*Fixéronlle un acto
gratis no misal.*

[...]

Comprou unha leira en Rego
que lle custou trinta pesos,
a leira ten posesión
e queríaos levar presos.

*Os homes tramosos
mirade o que fan.*

É un home moi sabido,
non sabe máis ca rezar,
un día foi pró ferreiro
tropezou con sete cans.

*Con rabia mansa
e tornounos coas mans.*

Chegou a cas do ferreiro,
contoulle o conto do can
e pasou o día enteiro
coa media libra de pan.

*Os homes tramosos
mirade o que fan.*

[...]

Anque ten pouquiñas leiras
tenas moi ben abonadas,
enche o cabazo de millo
e sete cargas de fabas.

*Pasan polas leiras
xa están apañadas.*

Así as quere o meu Pedro

The musical score is written on three staves in G major (one sharp) and 2/4 time. The melody is simple and folk-like, with lyrics written below each staff. The first staff ends with a long horizontal line indicating a continuation of the melody. The second and third staves complete the phrase.

A - sí as que - re o meu Pe - dro. _____

Pe - que - ni - ñas e ben fei - tas a - sí as que - re o meu Pe - dro;

nin pe - que - ni - ñas de máis, nin gran - des que me - tan me - do.

16

Coñecida como “Pandeirada de Mens”, Malpica de Bergantiños
Colector: Manuel Cajaraville Pensado, 1974

Pequeniñas e ben feitas,
así as quere o meu Pedro;
nin pequeniñas de máis,
nin grandes que metan medo.

Tes o corpiño ben feito,
asemellas a túa nai;
no lugariño de Asalo
outro coma o teu non hai.

O lugariño de Asalo
cerreino cunha cancela;
pésame por unha nena
que che quedou dentro dela.

O lugariño de Asalo
si que é bo porque o fan,
se lle botan a nabiña
tamén dá o azafrán.

San Adrián é barqueiro,
barqueiro é San Adrián.
San Adrián é barqueiro
que leva o remo na man.

Nosa Señora do Faro
está no alto e fai que dorme,
pro ela ben ve pasar
os mariñeiros pra Corme.



Asunción Garrido, Prudencia Garrido, Teresa Lema, Adela Rey e Manuela Lema. Pandeireteiras de Mens no Mosteiro de Pedra. Zaragoza, 1983.

APOI - Museo do Pobo Galego



Teresa Lema, Manuela Lema, Prudencia Garrido e Asunción Garrido, Pandeireteiras de Mens, na Bretaña, 1981.

APOI - Museo do Pobo Galego



Manuela e Asunción Garrido. Mens, Malpica de Bergantiños, 1980.

APOI - Museo do Pobo Galego



Foto: Pablo Quintana

Eva Castiñeira

Xosefa Eva Castiñeira Santos (1925 - 2010) é natural de Muxía, da parroquia de San Martiño de Ozón e lugar de Agranzón. Neste contexto agrario dunha parroquia cunha rica proxección da cultura popular nace a nosa cantareira, na que tamén destacan os seus coetáneos, músicos populares, o gaiteiro Ramón Toba, o regueifeiro Rafael Domínguez, o acordeonista Pazos de Merexo e un grupo doutras mozas cantareiras.

Eva Castiñeira é unha das cantareiras e pandeireteiras nas que personifica a Real Academia Galega todas as cantareiras, pandeireteiras e bailadoras que souberon gardar o legado poético e musical dos seus antepasados e transmitírllelo ás novas xeracións, dedicándolles o Día das Letras Galegas de 2025.

Coma tantos labregos e labregas, nas décadas de 1960 e 1970 trasládase para A Coruña, a San Pedro de Visma. Descóbrea a discográfica Ruada e, antes de desaparecer o estudio, son Pablo Quintana e Tino Maceiras quen gravan os primeiros documentos sonoros desta cantareira e pandeireteira.

No ano 1981 é Milladoiro quen a fai subir ó escenario no concerto da Coruña. É a primeira cantareira que, coa súa sobriña, vai acompañar un grupo folk. Posteriormente será Leilía, o novo grupo de pandeireteiras que soubo descubrirmos o pasado para proxectar no futuro o rico acervo poético musical popular, quen nos agasalla no documento sonoro titulado *Consentimento* melodías transmitidas por Eva. Despois tamén será Luar na Lubre, no 2012, quen a homenaxeará ata desencadear a nova xeración de cantareiras que nos amosan esa primavera florida tantas veces soñada.

Pois si. É a cantareira homenaxeada, unha labrega de Agranzón, quen lles descobre aquel mundo a tantos músicos de agora que reiteran versións novas de melodías vellas gravadas por ela: *a danza* —por outros denominada “Foliada da Coruña”, o pasodobre, a “Muiñeira da Ribeira”, a xota e o “Valse de Agranzón”.

Fun á Barca, fun á Santa,
fun ás romarías todas;
agora tamén hei de ir
a San Miguel das Cebolas.

Moza que estás na ventana

♩ = 86

Ai, la la la la la re la! Ai, la la la-ra la la re la!

Ai, la la la la la re - la Ai, la la la la la la!

Mo - za que es-tás na ven - ta - na coa pun - ta do pa - no fó - ra

re - tí - ra - te pa - ra den - tro que o pa - no non me na - mo - ra.

20

Foliada “As rapazas da Coruña”
Cancioneiro popular galego

Transcrita da actuación de Eva Castiñeira, 1981

Moza que estas na *ventana*
coa punta do pano fóra,
retírate para dentro
que o pano non me namora.


As rapazas da Coruña
non é unha que son todas,
botan dous pares de medias
pra face-las pernas gordas.

As rapazas da Coruña
din que non comen touciño,
e comen un porco enteiro
desde o rabo ata o focíño.

As rapazas da Coruña
din que teñen moito sal;
non me estraña porque ó fin
non viven lonxe do mar.

Muiñeira da Ribeira

♩ = 120



Mu - i - ñei - ra da Ri - bei - ra, mu - i - ñei - ra ri - bei - ra - na,
mu - i - ñei - ra da Ri - bei - ra — tó - co - cha de ma - la gha - na.
Ai, la ra la la la - ra la! Ai, la la ra la la la la!

21

“Muiñeira da Ribeira”,
coñecida tamén como “Muiñeira de Eva Castiñeira”

Transcrita da gravación de Eva Castiñeira, 1981

Muiñeira da Ribeira,
muiñeira ribeirana;
muiñeira da Ribeira,
tócocha de mala gana.

Hei de cantar, hei de rir,
hei de ser muller alegre,
hei de mandar a tristeza
para o demo que a leve.

Por que non hei de cantar,
por que non hei de cantar?
Por que n’hei de andar alegre
mentres non teño pesar?

Aí vos vai a despedida,
aí vos vai a derradeira;
acabouse o chocolate,
rompeu a chocolateira.



Jesusa e Benita. A Santa Cruz, Santa Cruz de Grou, Lobeira, 1980.
APOI - Museo do Pobo Galego

Recolleitas do corpus de literatura popular de Galicia

As primeiras recolleitas do corpus da literatura popular de Galicia foron realizadas por **frei Martín Sarmiento** (1695 - 1772), **Diego Antonio Cernadas de Castro**, cura de Fruíme (1698 - 1777), **frei Xoán Sobreira Salgado** (1746 - 1805) e por mestres de capela galeguizadores dos centros culturais eclesiásticos. Eles son os precursores e os piares no recoñecemento da literatura de tradición oral e, en concreto, no valor de cada copla que recollen xustificando a súa importancia como instrumento didáctico, pedagóxico ou lexicográfico. Os máis importantes colectores son:

José López de la Vega (1830 - 1888)

Colector e estudoso das coplas do cancionero tradicional, sinala que se deben recoller e recuperar para dignificar a lingua e a cultura de Galicia.

Mais van ser, tanto no corpus musical coma no literario, Rosalía de Castro con *Cantares gallegos* (1863), Manuel Murguía coa *Historia de Galicia* (1865) e Marcial Valladares co seu *Cantigueiro popular* (1867) os que lle dean o pulo definitivo e revaloricen a poesía popular de Galicia.

23

Rosalía de Castro (1837 - 1885)

Cantaba, acompañada de varios instrumentos, diferentes cancións entre as que a súa filla Alexandra destaca a “Alborada” coa letra publicada en *Cantares gallegos*, obra que marca un fito na historia da literatura galega dignificando a súa terra e a súa lingua tal como ela pretendía. Nesta obra universal, Rosalía desenvolve cada cantiga popular nun poema que revaloriza definitivamente ‘cantar a Galicia na lingua que eu quero’.

Cantarte hei, Galicia,
na lingua galega,
consolo dos males,
alivio das penas.

O meu corazón che mando
cunha chave pró abrir.
Nin eu teño máis que darche,
nin ti máis que me pedir.

Manuel Murguía (1833 - 1923)

Na súa *Historia de Galicia* manifesta que cada composición da literatura popular, cada copla, revela a fisionomía espiritual de Galicia.

Arrimeime a un pino verde
por ver se me consolaba;
o pino, como era verde,
de verme chorar choraba.

Marcial Valladares (1821 - 1903)

Segue os pasos de frei Martín Sarmiento e Sobreira achegando a primeira gran recolleita de coplas e empregando cada una delas para exemplificar o significado de cada palabra. A Real Academia Galega publica o seu *Cantigueiro popular* en 1970.

Adeus non, ti non mo digas,
que che é palabra moi triste;
entre dous que ben se queren
custa caro despedirse.

Juan Antonio Saco y Arce (1835 - 1881)

A súa recolleita da literatura popular galega do século XIX consta dun estudo moi interesante. O manuscrito da súa colección *Literatura popular de Galicia* publícase en 1987.

Agora volvo a cantar,
hai moito que non cantei;
quero ver a miña graza
se está como a deixei.

Xosé Casal Lois (1845 - 1912)

Médico, antropólogo e etnógrafo, deixounos un moi importante legado de estudos arqueolóxicos e etnográficos entre os que destaca a recompilación do corpus da literatura de tradición oral. Recolle o primeiro cancionero popular, *Cantares gallegos*, no ano 1869.

Eu non canto por cantar
nin por gañas que eu che teña;
eu canto por aliviar
corazón de tanta pena.

Lois Tobío Campos (1861 - 1943)

Curmán de Rosalía, nace en Brión e fina en Santiago de Compostela. Sendo estudante recolleu a *Colección de cantigas da Mahía* (1880) que permaneceu inédita ata 1985.

Sei bailar a ribeirana
e tamén o ribeirán;
sei bailar a ribeirana
coa pandeireta na man.

Sociedad del Folklore Gallego

Créase no ano 1884 e funcionará ata 1894. Preside esta institución Emilia Pardo Bazán. Contou con varios intelectuais na súa directiva: Salvador Golpe, Antonio María de la Iglesia, Juan de la Osa, José Pérez Ballesteros etc.

José Pérez Ballesteros (1833 - 1918)

Ingresa na Sociedad del Folklore como vogal, e un ano máis tarde publica a primeira escolma de literatura popular da entidade, o *Cancionero popular gallego* (1886).

Ramón Cabanillas Enríquez (1876 - 1959)

Membro da Real Academia Galega, é recoñecido como o Poeta da Raza. Publicou a *Antífona da cantiga* (1951), un cancionero cheo de admiración sobre as cantigas populares. É o autor da letra do coñecido romance de don Sancho que harmoniza o seu amigo Fernández Espinosa, autor do cancionero *Canto popular gallego*.

Sei cantar e sei bailar,
sei tocar a pandeireta;
o home que a min me leve
leva música completa.

Aínda poderíamos citar outros colectores que compendia **Domingo Blanco** na súa publicación *A poesía popular en Galicia, 1745-1885*, editada por Xerais no ano 1992.

Se buscamos un estudo completo da lírica de tradición oral de Galicia temos que acudir ó *Cancioneiro popular galego* recollido e ordenado por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina.



Campelán e María. Agar, Beba, Mazaricos, 1979.
APOI - Museo do Pobo Galego



Romaría en Santo Ourente de Entíns, Outes. Ca. 1890.
Real Academia Galega

Historia dos cancioneros que recollen as melodías tradicionais de Galicia

Hai ben anos, cando comecei a miña aproximación ó cancionero de tradición oral, fixeno como experiencia pedagóxica na que nenos e nenas tiñan que traer da súa casa coplas que na clase de lingua galega fichabamos e clasificabamos.

Axiña descubrín que os informantes iletrados eran os verdadeiros posuidores dunha cultura transmitida de xeración en xeración. Nin eu mesmo imaxinaba a riqueza que me ían descubrir aqueles labregos e labregas. Descubrín tamén que, antes de comezar a guerra, na eira de Codesido, en Sendelle (Boimorto), onde se mallara o pan, levárase a cabo o último combate poético entre unha moza, Obdulia, e un mozo, Antonio, que lle traían doutra parroquia. Os dous tiñan ‘sacos cheos’ pero acabou gañando a partida ela, Obdulia da Cela. Eran combates poéticos que se realizaban ó rematar un traballo colectivo. Eran os denominados agora repentistas ou regueifeiros.

Todos eles son merecentes e coprotagonistas da festa da lingua deste ano. A pesar de todas as forzas alienadoras, eles e elas gardaron na súa memoria coplas e melodías e transmitiron esta riqueza patrimonial que agora podemos reproducir. Foron tamén os que me descubriron o xogo das dúas caixas máxicas que os cantores e cantoras populares posuían e dominaban con tanta mestría: a caixa máxica do corpus da lírica tradicional e a caixa máxica do corpus rítmico e melódico da música de tradición oral. Os cantores ou cantoras populares son uns grandes coñecedores destas caixas máxicas. Todos eles e elas son pedagogos, poetas, músicos e mestres para un recreador de melodías. Xa dicía Sarmiento que

as rústicas e aldeás [...] son incansables cantando cántigas galegas. Elas mesmas crean as coplas, inventan os tonos e aplican o canto, a melodía [...]

As primeiras recolleitas do corpus da música tradicional van asociadas a persoeiros galeguizadores dos círculos eclesiásticos, pero serán Marcial Valladares e Marcial del Adalid os músicos que senten as bases dos primeiros estudos. A eles debémoslles sumar o impacto da familia Murguía-Castro e, en diferente dimensión, o da familia de Canuto Berea, que revalorizaron o cancionero tradicional de Galicia e mesmo recrearon as súas fermosas melodías.

Se os mencionados autores foron os piares, temos que salientar que contribuíron


Colectores de música tradicional

de maneira especial a fornecer o coñecemento e o rexistro das melodías tradicionais Isidoro Hernández, Santiago Tafall, Casto Sampedro, Ramón de Arana, Xoán Montes, Perfecto Feijoo, Luís María Fernández Espinosa, Víctor Said Armesto e outros máis.

Algúns deles non chegaron a publicar a súa recolla pero deixaron a pegada propia recreando as melodías nas obras de seu, harmonizándoas ou transferindo os seus arquivos a proxectos doutros colectores, entre os que destaca a colección de Casto Sampedro.

Marcial Valladares | *Ayes de mi país* (1842-1865)

Marcial Valladares Núñez (1821-1903) considérase o primeiro galego que realiza unha recompilación da música tradicional de Galicia. O seu manuscrito de melodías tradicionais permaneceu inédito ata o ano 2010, cando o publicaron José Luís do Pico Orjais e Isabel Rei Sanmartín co título *Ayes de mi país*. Algunhas melodías foron publicadas na *Historia de Galicia* (1866) por Manuel Murguía.



Marcial del Adalid Gurrea | *Cantares viejos y nuevos de Galicia* (1877)

Marcial del Adalid Gurrea (1826 - Lóngora, 1881) é un músico que zumega romanticismo e europeísmo no tratamento das melodías que recolle do cancionero tradicional de Galicia.

Perfecciona os estudos musicais en Londres con Moscheles e visita París e Madrid, importando, de volta á Coruña, as correntes musicais europeas. Na Coruña publica os primeiros cadernos de *Cantares viejos y nuevos de Galicia* cunha ducia de melodías tradicionais que harmoniza para voz e piano. Tamén emprega melodías tradicionais na zarzuela *Pedro Madruga*, na ópera *Inés e Bianca* e na *Marcha triunfal de Galicia*.

José Inzenga Castellanos | *Cantos y bailes populares de España. Galicia* (1888)

José Inzenga Castellanos (1828-1891), músico e membro da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, recibe a encomenda do Ministerio da Gobernación de realizar unha escolma dos cantos e bailes de España. Publica *Cantos y bailes populares de España* (1888) no que inclúe *Cantos y bailes de Galicia*.



Felip Pedrell i Sabaté | *Cancionero musical popular español* (1919-1922)

Felip Pedrell i Sabaté (1841-1922), destacado musicólogo e pedagogo, é un dos compositores máis recoñecidos do nacionalismo musical. Trasládase a París e a Roma para perfeccionar os seus coñecementos, o que influirá nas futuras tendencias como compositor de música culta e popular.

No seu *Cancionero musical popular español* (1919-1922) inclúe 56 melodías galegas que lle proporcionan diferentes colaboradores.



Luis María Fernández Espinosa | *Canto popular gallego* (1940)

Fernández Espinosa (1876-1960) actuou como dinamizador cultural e como compositor de música polifónica, de música sacra e de música sinfónica.

Man dereita de Casto Sampedro, contribuíu de forma singular ó coñecemento do cancionero de Galicia como etnomusicólogo, difusor e harmonizador de melodías populares seguindo a tendencia do coralismo europeo, para a coral polifónica na que cantaban Castelao e Bóveda. Publica melodías harmonizadas, con portada de Castelao, e o cancionero *Canto popular gallego*.



Víctor Said Armesto e Casto Sampedro | *Colección de cantos y bailes de la provincia de Pontevedra* (1910)

Víctor Said (1871-1914) é o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas. En 1905 foi comisionado por Pontevedra con Casto Sampedro para a creación da Real Academia Galega. Tamén compartiu con Sampedro o proxecto de compilación da música tradicional de Galicia. Os dous son autores da *Colección de cantos y bailes de la provincia de Pontevedra* (1910) premiada pola Academia de Belas de Artes de San Fernando.

No limiar da colección expresan a súa gratitude ós que contribuíron en maior medida a formar esta colección: Santiago Tafall, Manuel Fernández Alonso, Luis María Fernández Espinosa, Ramón de Arana, Perfecto Feijoo, Antonio Licer, Agustín Somoza, José Sanmartín e Román Pintos.

Casto Sampedro Folgar | *Cancionero musical de Galicia* (1942)

Casto Sampedro Folgar (1848-1937), musicólogo, arqueólogo e investigador, formouse musicalmente nos seminarios de Santiago de Compostela, Tui e Ourense.



El foi o autor do proxecto de reunir o conxunto documental do *Cancionero musical de Galicia* que foi medrando día a día coa achega de moitos colectores de Galicia. Fina no 1937 e vai ser Filgueira Valverde quen personalice a publicación do *Cancionero musical de Galicia* (1942), ignorando as coautorías dos colaboradores.

No ano 2007 publícase unha nova edición coordinada por Carlos Villanueva.

Casto Sampedro e colaboradores | Colección Sampedro (1994)

32

Manifestara Carlos Villanueva que Filgueira Valverde coa publicación do *Cancionero musical de Galicia* “só realizara un ordenamento post mortem bastante nesgado e con evidentes puntos escuros”. Temos que citar a María Xesús Fortes, que organizou a *Colección Sampedro*, con 720 melodías, e a Xabier Groba que editou *Casto Sampedro e a música do Cantigueiro galego de tradición oral*, publicada polo Concello de Redondela, que nos mostra as melodías, os personaxes e os contidos desta importante colección.

Os máis importantes colaboradores de Sampedro foron Marcial Valladares, Marcial del Adalid, Alejandra Murguía Castro,



Víctor Said Armesto, Ramón de Arana, Luís María Fernández Espinosa, Xoán Montes, Santiago Tafall e unha longa lista de músicos, directores, compositores e anónimos colaboradores.

Outros cancioneros

A pesar de que Filgueira Valverde apela, na edición de Casto Sampedro, á praxe científica de que toda publicación debe citar as fontes e mesmo publicar a bibliografía utilizada, os seguintes cancioneros carecen desta bibliografía e mesmo chegan a modificar a orixe das melodías ou, nunha especie de “enredo” —en palabras de do Pico Orjais— modifican os mesmos títulos de melodías recolleitas polos antecesores nomeados.

No *Cancioneiro gallego* teríamos que diferenciar as recolleitas programadas polo Seminario de Estudos Galegos e os engadidos de asociacións folclóricas que son escondedoiro dos verdadeiros colectores que se silencian.

Na mesma dinámica temos que citar *Así canta Galicia* (1963), *Cancionero gallego* (1973), *Mil canciones españolas* (1966), *Cancioneiro de Galicia* (1977) e *Galicia cantada* (1984).




Aínda queda un grupo de cancioneiros de ámbito local coma o *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela* (1989), *Pandeireteiras de Mens* (2021), *Cancioneiro de Buño* (2022), *Fuliada na Vila* (2020) etc. Son cancioneiros que nos ofrecen estudos locais interesantes.

O *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela* é unha cala na música tradicional de Boimorto, que se destaca aquí por estar supervisado por Dorothé Schubarth. Manifestou ela que estamos ante un cancionero que nos mostra en profundidade o perfil musical dunha zona de transición entre a Galicia atlántica e a Galicia oriental.

Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Dorothé Schubarth e Antón Santamarina publican o *Cancioneiro galego de tradición oral* (1982) e *Cántigas populares* (1983). Ambas as publicacións son escolmas do material etnomusicográfico recollido entre 1978 e 1980 complementado con algúns cantares de zonas non exploradas. É unha primeira radiografía que realizan da música popular de Galicia que inicia unha pequena revolución na metodoloxía tanto no ámbito literario coma no ámbito musical.





Os sete volumes do *Cancioneiro popular galego* van marcar un antes e un despois nos estudos da música popular de Galicia.

É unha recolleita planificada con documentos sonoros, dos que se realiza unha transcripción e un estudo sistematizado, tendo en conta o ámbito literario e musical, unha análise das melodías e unha nova proposta de clasificación dos xéneros do cancionero de tradición oral.

Esta obra, de referencia en Europa, promovida pola Fundación Barrié, supón a máxima achega realizada na área de coñecemento e conservación da música e literatura de tradición oral de Galicia, ordenada en sete volumes.

A nosa admiración e tamén a nosa homenaxe a tantos cantores e cantoras, pandeireteiros e pandeireteiras, bailadores e bailadoras anónimos que preservaron o noso tesouro colectivo, o cancionero de tradición oral de Galicia.





María Carme e Dorothe Schubarth. Lousada, Pedrafita do Cebreiro, 1978.
APOI - Museo do Pobo Galego

Dorothe Schubarth

Dorothe Schubarth, coautora con **Antón Santamarina** do *Cancioneiro popular galego*, vai modificar a metodoloxía dos novos investigadores, que aplicarán os coñecementos que ela trae de Europa e que permanecían ignorados en Galicia. Eles dous fixeron agromar tempos novos para a lírica e a música de tradición oral que transmitiron os últimos informantes dunha sociedade galega de cambios abruptos vividos durante o século XX.

Dorothe transformou aquela visita a Galicia nun proxecto que Antón asumiu como propio para ter agora entre as nosas mans o tesouro do *Cancioneiro popular galego* que posibilita un novo rexurdimento da lírica e da música de tradición oral en Galicia. Podemos afirmar que os nomes das cantareiras, das pandeireteiras, das e dos informantes acadan o merecido protagonismo e admiración con cada visita de Dorothe e por isto agora as homenaxeamos. Só antes considerara a súa importancia Víctor Said Armesto nas súas recollas para a *Colección de cantos y bailes de la provincia de Pontevedra*, premiada no 1910 pola Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid. Aquel interesante proxecto carecía da fidelidade necesaria por faltar un documento sonoro que certificase as transmisións das melodías que reinterpretaba Víctor e reescribía ó seu ditado Casto Sampedro.

Agora temos as melodías gravadas, ordenadas, catalogadas e escritas na obra definitiva do *Cancioneiro popular galego*. Este estudo mesmo nos serve para realizar unha revisión das catalogacións anteriores que loitaban entre a veracidade e as ataduras de ensinanzas musicais clásicas ofrecendo a visión dun “folclorismo urbano” que haberá que corrixir.

Dorothe compartía o seu saber, mostrado no amplo, ambicioso e científico traballo do *Cancioneiro popular galego*, con todos os que se achegaban á súa obra. Non se cansaba de ilustrar a todos os que se aproximaban ó seu saber para falar de xéneros musicais e formas de clasificar o recollido dos seus “incuestionables, admirados e admiradas informantes”. Ela, Dorothe, ensinounos a colocalas no lugar merecido e a saber valorar o dito e o cantado, e por isto a Academia as homenaxeas este ano 2025.

Galicia ten agora este tesouro recadado, publicado e doado por ela. Ten o *Cancioneiro popular galego* editado e ten a posibilidade de acceder ó rexistro sonoro de todas as melodías en tres institucións: en Viena, no Phonogrammarchiv der Österreichischen Akademie der Wissenschaften, e en Galicia, no Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega e no Museo do Pobo Galego, con proxectos esperanzadores coma o posto en marcha por Sergio de la Ossa, o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade.

Dorothe Schubarth chega a Galicia no ano 1978. Acababa de publicar a súa investigación en Europa sobre *Das Volkslied in Europa: Vielfalt seiner Erscheinungsformen* [*A canción tradicional en Europa: diversidade das súas formas*] e descobre a existencia de trazos deste estrato antigo nos primeiros rexistros que recolle. Desde aquel verán de 1978 desenvolve o gran proxecto do *Cancioneiro popular galego*. Pero temos que subliñar que o coautor, Antón, é quen intúe que está ante a musicóloga capaz de realizar o estudo do cancionero que aínda non tiña Galicia.

Os predecesores realizaran un traballo loable, pero os centros de formación, os conservatorios, os formadores dos novos músicos aínda non se aproximaran a unha pedagogía musical europea nin posteriormente tiñan en conta o mandado nos obxectivos do Decreto de Ensinanzas profesionais sobre o coñecemento e fomento da música tradicional nos conservatorios. Coñecían as composicións orquestrais pero non se aproximaran, nin parecían ter interese, ás bases dos movementos pedagóxicos e etnomusicográficos de Bartók, Dalcroce, Decroly ou Kodaly, que fixeron posible a xusta valoración da música tradicional en Europa.

Dorothe dicía que aínda permanecían nunha tradición de folclorismo urbano que había que modificar. E segue dicindo:

Os colectores tiñan un concepto nesgado da música popular, por isto os seus cancioneros aparecen un pouco arranxados e corrixidos. Collemos por exemplo o *Cancionero gallego* de Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay que só se pode entender baixo o concepto de coros galegos que deron unha imaxe estética totalmente diferentes do que é a música popular.

A etnomusicoloxía queda un pouco aparcada nos conservatorios pero sempre pode existir a esperanza de que se planifique algunha actuación seria, que se modifique a visión e o concepto que merece a música popular, que se incorpore o ensino de instrumentos tradicionais e que se fomente a utilización do patrimonio musical de Galicia para enriquecer os valores da persoa e da súa formación musical.

A celebración do Día das Letras Galegas deste ano 2025 debe posibilitar un cambio na valoración do corpus literario e musical do cancionero de tradición oral de Galicia. Se así é, de seguro que viviremos unha nova primavera musical que xa comezou no momento en que Dorothé potenciaba e valoraba cada informante que lle transmitía o tesouro escondido en cada copla e en cada melodía que ela recollía, estudaba e clasificaba co valor de quen descobre unha alfaia.





Victorina, Manuela e Dominga. Vilar de Parada, San Mamede de Carnota, 1981.
APOI - Museo do Pobo Galego

Ademais

Algún día ben cantaba,
algún día ben cantei;
algún día ben cantaba
e agora xa me malvei.

Pérez Ballesteros, 1886

Ai, tirulará, Pepiño,
irémo-los dous cantando.
Eu teño unha madeixiña,
irémo-la debandando.

Terras do Tamarela, 1989

Canta, miña compañeira,
canta que cadramos ben.
Moitas almas se condenan
porque nos levamos ben.

Schubarth e Santamarina, 1993

Cantan os galos pra o día,
érguete, meu ben, e vaíte.
Como me hei de ir, queridiña,
como me hei de ir e deixarte?

Rosalía de Castro, 1863

Sei tocar e sei bailar,
sei toca-la pandeireta.
Aquel que case comigo
leva a música completa.

Terras do Tamarela, 1989

Has de cantar,
que che hei de dar zonchos;
has de cantar
que che hei de dar moitos.

Rosalía de Castro, 1863

Canta, Mariquiña, canta
na portela da revolta;
canta, Mariquiña, canta
que o teu cantar non ten volta.

Tobío Campos, 1880

Canta que che hei de axudar;
favores que non merezo
aínda chos hei de pagar.

Tobío Campos, 1880

O cantar quer vir de gracia
e o bailar querse aprender;
os que andamos polo mundo
todo nos cómpre saber.

Saco y Arce, 1881

Canta que cantamos ben,
irémo-los dous cantando;
cante quen tiver amores
que os meus vanse acabando.

Saco y Arce, 1881

Canta, miña prima, canta,
canta que eu che axudarei.
Cante quen tiver amores
que os meus xa chos olvidei.

Saco y Arce, 1881

Por que non hei de cantare,
por que non hei de cantare;
por que n'hei de andar alegre
mentres non teño pesare.

Informante: Avelina Méndez

Derradeira polavila, 1985

Eu cantar, cantaba ben,
gracia non vos teño moita;
teño un burriquiño en Francia
pra botar a quen me escoita.

Casal Lois, 1869

Eu non canto por cantar
nin pola gracia que eu teña;
eu canto por alivia-lo
corazón que está en pena.

Casal Lois, 1869

Ai de min, que xa perdín,
a gracia da cantadora!
Ai de min, que xa a perdín,
sendo no monte pastora!

Xaquín Lorenzo, 1973

Por que non hei de cantare,
por que n'hei de andar alegre,
por que alegre n'hei de andare?

Tobío Campos, 1880

Cancioneiros mencionados

- Adalid Gurrea, Marcial del (1877). *Cantares viejos y nuevos de Galicia*. Madrid: Pablo Martín.
- Adalid Gurrea, Marcial del (1985). *Méloides pour chant et piano. Cantares viejos y nuevos de Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Real Academia Galega. Edición de Margarita Soto Viso. <https://doi.org/10.32766/rag.94>
- Blanco Pérez, Domingo (1992). *A poesía popular en Galicia (1745-1885)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Busto Miramontes, Beatriz (2021). *Pandereteiras de Mens*. Santiago de Compostela: aCentral Folque.
- Cabanillas, Ramón (1951). *Antífona da Cantiga*. Vigo: Galaxia.
- Cajaraville Pensado, Manuel (1983). *Debullando folklore*. La Coruña : La Voz de Galicia
- Cancela Pérez, Dolores (2022). *Cancioneiro de Buño*. Ferrol: Edicións Embora.
- Casal Lois, José (2000). *Colección de cantares gallegos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Casás, Richi (2020). *Fuliada na vila*. Santiago de Compostela: aCentral Folque.
- Castro, Rosalía de (1863). *Cantares gallegos*. Vigo: Compañel.
- Cernadas e Castro, Diego Antonio (1778-1781). *Obras en prosa y verso del cura de Fruíme*. Madrid: Joachin Ibarra.
- Fernández Espinosa, Luis M. (1922). *Canto popular gallego*. Santiago: El Eco Franciscano.
- Fernández Espinosa, Luis M. (1940). *Canto popular gallego*. Madrid: Góngora.
- Fernández Espinosa, Luis M. (2010). *Canto popular gallego*. Pontevedra: Deputación provincial de Pontevedra.
- Fernández Espinosa, Luis M. (2025). *Canto popular gallego*. 2.^a ed. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - El Eco Franciscano. Edición comentada de Manuel Rico Vereá.
- Fortes Alén, M.^a Jesús (1994). *Inventario de la colección documental de D. Casto Sampedro*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- González Ruada, Daniel (1963). *Así canta Galicia: cancionero popular gallego*. Ourense: La Región.
- Groba González, Xavier (2012). *Casto Sampedro e a música do cantigueiro galego de tradición oral*. Redondela: Concello de Redondela.
- Groba Groba, Rogelio (1984). *Galicia cantada*. Madrid: Alpuerto.
- Inzenga, José (1888). *Cantos y bailes populares de España: Galicia*. Madrid: Ducazcal.
- López de la Vega, José (1863). La poesía portuguesa y la poesía gallega. *Galicia. Revista Universal de este Reino*. 4 (5), 39-40.
- Lorenzo, Xaquín (1973). *Cantigueiro popular da Limia Baixa*. Vigo: Galaxia.
- Luar na Lubre (2012). *Mar maior* [CD]. Warner Music.
- Martínez Torner, Eduardo e Bal y Gay, Jesús (1973). *Cancionero gallego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Milladoiro (1986). *Galicia no país das maravillas* [CD]. Dublín: Estudios Windmill Lane.
- Murguía, Manuel (1865). *Historia de Galicia*. Lugo: Soto Freire.

- Pedrell i Sabaté, Felip (1922). *Cancionero musical popular español*. Valls: Eduardo Castells.
- Pérez Ballesteros, José (1885-1886). *Cancionero popular gallego*. Madrid: Fernando Fe.
- Pico Orjais, José Luís do (2005). Estudo preliminar. En: José Inzenga, *Cantos e bailes da Galiza*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.
- Pico Orjais, José Luís do e Sanmartim Rei, Isabel (2010). *Ayes de mi país o cancionero de Marcial Valladares*. Baiona: Dos Acordes.
- Quintana, Pablo (1984). *Recolleita* [CD]. A Coruña: Edigal.
- Rico Vereá, Manuel (1989). *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela*. Vigo: Galaxia.
- Rico Vereá, Manuel (1996). *Vente vindo, ven cantando. Cancioneiro escolar galego*. A Coruña: Editorial Fontel.
- Rico Vereá, Manuel (2015). *Cantos de berce*. A Coruña: Gadis.
- Rico Vereá, Manuel (2016). *Cancioneiro infantil*. A Coruña: Gadis.
- Rico Vereá, Manuel (2024). *Canto popular gallego de Luis María Fernández Espinosa*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano. Edición comentada.
- Rico Vereá, Manuel e Santamarina, Antón (2014). *Eu non canto por cantar*. A Coruña: Gadis.
- Saco y Arce, Juan Antonio (1987). *Literatura popular de Galicia: Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Ourense: Deputación provincial de Ourense. Edición de Juan Luis Saco Cid.
- Said Armesto, Víctor (1998). *Poesía popular gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sampedro, Casto (1942). *Cancionero musical de Galicia*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- Sampedro, Casto e Said Armesto, Víctor (1910). *Colección de cantos y bailes de la provincia de Pontevedra*. Madrid: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. [Desaparecido].
- Santalices, Faustino (2004). *Gravacións históricas de zanfona 1927-1949* [CD]. Madrid: Boa.
- Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón (1982). *Cancioneiro galego de tradición oral*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón (1983). *Cantigas populares*. Vigo: Galaxia.
- Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón (1984-1995). *Cancioneiro Popular Galego*. 7 tomos. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón (1991). *Escolma de cántigas do Cancioneiro popular galego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sobreira Salgado, Juan (1979). *Papeletas de un diccionario gallego*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra (2004). *Unha voz na polifonía europea* [CD]. Lugo: Ouvirmos.
- Tobío Campos, Lois (1985). *Colección de cantigas da Mabía*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Sada: Edicións do Castro.
- Valladares Núñez, Marcial (1970). *Cantigueiro popular*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.52>
- Varela, Icíar e Varela Varela, Xosé Manuel (2025). *Cantareiras*. Vigo: Xerais.



Dorothé Schubarth, Elisa e Delfina. Añobres, Moraime, Muxía. Ca. 1979. Colección de Antón Santamarina



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Día das Letras Galegas 2025



REAL
ACADEMIA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA

